4.1. Saúde

A existencia dunha asistencia sanitaria pública de calidade e universal é fundamental para reducir a desigualdade. A crise económica incrementa as desigualdades sociais e reduce os recursos destinados a gasto sanitario; por tanto, afecta dobremente á equidade no ámbito sanitario.

En territorios como Galicia, cunha estrutura territorial caracterizada pola dispersión e polo elevado envellecemento, as consecuencias das medidas adoptadas nos anos da crise (fundamentalmente Real Decreto Lei 16/2012),tanto en termos económicos, como, especialmente, en termos de saúde da poboación, serán, en consecuencia, máis intensos.

As reformas no ámbito sanitario emprendidas a partir de 2012 implicaron unha significativa redución do gasto sanitario. Os orzamentos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten, ano a ano dende 2012, menores créditos orzamentarios para sanidade.

Sen embargo o axuste orzamentario parece moderarse no orzamento inicial do ano 2016, onde a partida de sanidade acada os 3.309 millóns de euros, un 4,4% máis que o asignado nos orzamentos do ano anterior (**cadro 4.1.1.**).

No que atinxe aos proxectos de investimento do programa de protección e promoción da saúde pública, que ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación, diminuíndo a incidencia e carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco, o importe presupostado para o exercicio 2016 increméntase en relación ao ano anterior. O investimento inicial situouse en 17,6 millóns de euros, un 6,5% máis, dos que o 66,5% diríxese ao Programa galego de vacinacións (11,7 millóns de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, os programas poboacionais de cribado, co 13,3% (2,3 millóns de euros), un 41% máis que no ano anterior (**cadro 4.1.2.**).

Produción de bens públicos de carácter social 2015-16

	2015	2016	16/15
	(en miles de euros)		*(%)*
Total	5.468.894	5.714.859	4,5
Sanidade	3.170.026	3.309.935	4,4
Educación	2.048.218	2.148.156	4,9
Cultura	57.744	61.982	7,3
Deportes	18.548	19.611	5,7
Vivenda	70.235	74.858	6,6
Outros servizos comunitarios e sociais	104.123	100.317	-3,7

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.1.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2013-16

	2013	2014	2015	2016	15/14	16/15
		(en miles de euros)			(%)	
Total	18.146,6	16.970,2	16.523,2	17.595,5	-2,6	6,5
Programa de coord. dos servizos de inspección	309,5	275,0	275,0	275,0	0,0	0,0
Programa de sistemas de información de saúde pública	214,0	144,0	118,1	-	-18,0	0,0
Programa de coordinación e calidade	238,8	200,0	160,0	164,0	-20,0	2,5
Programa de prevención drogodependencias	25,0	75,0	61,5	61,5	-18,0	0,0
Promoción de estilos de vida saudables	92,0	90,0	73,8	73,8	-18,0	0,0
Seguridade alimentaria	487,5	301,6	301,6	301,6	0,0	0,0
Sanidade ambiental	116,4	60,4	52,8	52,8	-12,6	0,0
Epidemioloxía				118,1	0,0	0,0
Prevención e control de enfermidades transmisibles	326,5	364,3	298,7	298,7	-18,0	0,0
Programa galego de vacinacións	12.098,3	11.680,0	11.200,0	11.700,0	-4,1	4,5
Equipamento informático saúde pública	1.788,2	1.516,9	1.300,0	1.300,0	-14,3	0,0
Programas poboacionais de cribado	1.183,0	1.223,0	1.666,9	2.350,0	36,3	41,0
Plataforma de Innovación	150,0	140,0	114,8	-	-18,0	0,0
Coordinación dos servizos de inspección	1.117,4	900,0	900,0	900,0	0,0	0,0

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.2.

A información proporcionada pola Estatística de gasto sanitario público, que analizaremos ao longo deste capítulo, ofrece unha maior desagregación, aínda que cunha menor actualización.

No marco da planificación estratéxica, compre sinalar a revisión do Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014 (PPS), para o período 2014-2016, na liña da Estratexia Sergas 2014 e a Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. O PPS 2014-2016 recolle 17 prioridades que inclúen 108 obxectivos, 248 accións de mellora e 344 indicadores deseñados para a súa monitorización e seguimento

Co obxecto de mostrar unha visión global da situación do sistema de saúde en Galicia, distinguimos a continuación entre indicadores de saúde propiamente ditos, indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes e, por último, os citados indicadores de gasto sanitario público.

Indicadores de saúde

A estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan de xeito fundamental a evolución das necesidades actuais e futuras de prestacións sanitarias. En Galicia, o 24% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2015 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 18,4%. Este diferencial implica non só uns índices de envellecemento e sobreenvellece-

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2014-15

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.748.695	46.771.341	2.732.347	46.624.382
menor de 16 anos	347.700	7.473.995	346.949	7.460.369
menor de 20 anos	431.620	9.197.698	429.581	9.174.980
entre 16 e 64 anos	1.752.950	30.854.919	2.076.440	30.590.028
65 e máis anos	648.045	8.442.427	655.907	8.573.985
85 e máis anos	103.885	1.247.019	108.389	1.302.745
Índices (1)				
vellez	23,6	18,1	24,0	18,4
envellecemento	150,1	91,8	152,7	93,4
sobreenvellecemento	16,0	14,8	16,5	15,2
dependencia xeral	56,8	51,6	48,3	52,4
dependencia xuvenil	19,8	24,2	16,7	24,4
dependencia senil	37,0	27,4	31,6	28,0
de recambio	161,1	116,0	161,6	116,3

(1) notas sobre os índices

vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Padrón municipal*

4.1.3.

mento superiores á media española, senón tamén un maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

O envellecemento da poboación presenta en Galicia unha alta intensidade, das maiores do territorio español e europeo. Neste senso, a porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos en relación á poboación total (índice de vellez) aumenta en Galicia ano tras ano. Un indicador que mide a evolución deste colectivo é o índice de envellecemento, que relaciona a poboación de 65 e máis anos con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos. Mentres que no conxunto de España este indicador presenta valores en torno a 93, en Galicia presenta incrementos continuos, ata superar o valor 152 no ano 2015. Asemade, a estrutura do grupo de poboación maior de 65 anos tamén reflicte unha evolución non positiva, xa que as previsións para o ano 2024 estiman que esta porcentaxe se sitúe en torno ao 27,4%, chegando ao 30,1% no caso das mulleres (**cadro 4.1.3.**).

A esperanza de vida ao nacer en Galicia nos últimos anos incrementouse significativamente, situándose en 82,7 anos en 2013 (último dato dispoñible), semellante á existente de media en España (83 anos) e no rango máximo que establece a Organización Mundial da Saúde, que marca entre 79 e 84 anos.

A elevada esperanza de vida, xunto ás baixas taxas de natalidade existentes, así como a existencia de condicionantes conxunturais como a saída de poboación en idade de ter fillos, determina o forte envellecemento da estrutura poboacional galega.

No ano 2014 (último dato dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 29.929 falecementos, 504 menos que no ano anterior. En termos relativos, a taxa bruta de morta-

Defuncións en Galicia e España 2013-14: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
				2013			
Galicia	30.433	375	8.442	10.264	3.228	1.480	6.644
A Coruña	12.147	166	3.303	4.268	1.291	633	2.486
Lugo	4.941	38	1.234	1.855	546	212	1.056
Ourense	4.541	49	1.235	1.536	492	229	1.000
Pontevedra	8.804	122	2.670	2.605	899	406	2.102
España	390.419	6.209	111.021	117.484	42.565	19.378	93.762
				2014			
Galicia	29.929	419	8.233	9.586	3.274	1.404	7.013
A Coruña	12.036	191	3.339	3.962	1.287	545	2.712
Lugo	4.884	56	1.199	1.649	512	197	1.271
Ourense	4.400	50	1.184	1.445	516	222	983
Pontevedra	8.609	122	2.511	2.530	959	440	2.047
España	395.830	6.508	110.278	117.393	43.841	19.385	98.425

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.4.

Defuncións 2014: distribución segundo causa e grupos de idade

	Total	grupos de idade			
		0-39	40-64	65-79	80 e máis
Tumores	8.233	95	1.720	3.090	3.328
Tráquea, bronquios e pulmón	1.548	6	486	692	364
Colon	886	-	116	317	453
Próstata	484	-	21	149	314
Estómago	468	5	79	174	210
Mama	427	13	114	120	180
Sitios mal definidos	414	2	85	142	185
Enfermidades do sistema circulatorio	9.586	24	620	1.756	7.186
Cerebro-vasculares	2.350	4	109	416	1.821
Outras enfermidades do corazón	2.058	8	138	379	1.533
Insuficiencia cardíaca	1.423	4	55	180	1.184
Outras enfermidades isquémicas	1.247	2	102	262	881
Infarto agudo de miocardio	1.028	4	153	276	595
Hipertensivas	929	-	25	106	798

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.5.

lidade situouse en Galicia nas 1.092,6 defuncións por cada 100.000 habitantes, o que nos sitúa como a terceira Comunidade Autónoma, tras Asturias e Castela e León, coa taxa máis alta (852,1 taxa bruta media no Estado).

O envellecemento da poboación en Galicia determina a súa elevada taxa bruta de mortalidade. Para corrixir este efecto, calcúlanse as taxas de mortalidade estandarizadas que representan a mortalidade das Comunidades Autónomas se todas tiveran a mesma composición de idade. Neste caso, Galicia situaríase nunha posición intermedia con 624,4 falecementos por cada 100.000 habitantes, por debaixo da media estatal que é de 640,9 defuncións.

A principal causa de morte segue correspondendo ao grupo das enfermidades do sistema circulatorio (**cadro 4.1.4.**), que provocan o 32% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respiratorio, que causan o 27,5% e o 10,9% dos decesos, respectivamente. A nivel máis detallado, dentro do grupo de enfermidades circulatorias, as enfermidades isquémicas

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2014-15 (1)

	2014	2015	15/14	
				(%)
Andalucía	195	172	-23	-11,8
Aragón	62	54	-8	-12,9
Asturias	25	19	-6	-24,0
Baleares	33	40	7	21,2
Canarias	38	39	1	2,6
Cantabria	14	16	2	14,3
Castela-A Mancha	81	82	1	1,2
Castela e León	115	143	28	24,3
Cataluña	140	172	32	22,9
C. Valenciana	109	97	-12	-11,0
Estremadura	44	42	-2	-4,5
Galicia	110	91	-19	-17,3
Madrid	59	58	-1	-1,7
Murcia	43	26	-17	-39,5
Navarra	36	20	-16	-44,4
País Vasco	20	41	21	105,0
A Rioxa	8	14	6	75,0
Total	1.132	1.126	-6	-0,5

(1) vítimas mortais ás 24 horas en accidentes en vías interurbanas
Fonte: Dirección General de Tráfico

4.1.6.

do corazón (infarto, anxinas de peito...) e as cerebrovasculares son as que se sitúan en primeiro e segundo lugar no número de defuncións. Entre os tumores, os responsables de maior mortalidade foron o cancro de traquea, bronquios e pulmón, seguido do cancro de colon (**cadro 4.1.5.**).

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2014, rexistráronse en Galicia 177 novos casos de SIDA, o que supón unha taxa de 6,4 casos por cada 100.000 habitantes (7,25 casos de media en España). O total de casos diagnosticados en Galicia dende o ano 2004, primeiro que aporta datos, é de 2.231, o 6,4% do total estatal.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2014 continúa descendendo a mortalidade infantil, acadando en Galicia as 1,98 defuncións por cada mil nacidos vivos, fronte ás 3,15 do ano 2008. Estas taxas son inferiores ás rexistradas no conxunto do Estado, que se sitúa nos 2,82 falecementos por cada mil persoas en 2014 (3,31 no ano 2008). Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a Comunidade Autónoma cunha menor taxa de mortalidade infantil do conxunto do Estado.

Un segundo indicador da saúde materno-infantil é o da taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE). No ano 2014 (último dato dispoñible) rexistráronse un total de 3.351 IVE. En termos relativos, a taxa de IVE en Galicia é de 6,78 interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, o que a sitúa como unha das CC.AA. coa taxa máis reducida, tan só superior á rexistrada en Ceuta e Melilla, e A Rioxa e Estremadura, sendo a taxa media no conxunto do Estado de 10,46. Sen embargo, Galicia é a única CCAA na que a dita taxa non se reduce en 2014 en relación ao ano anterior.

Dentro dos indicadores de saúde considérase tamén a sinistralidade, na que cómpre diferenciar aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso (**cadro 4.1.6.**), Galicia retoma no ano 2015, a diferenza do acontecido no ano anterior, a tendencia descendente iniciada en 1998, rexistrándose unha diminución do número de vítimas mortais de

Centros sanitarios 2015: distribución provincial e segundo EOXI (1)

	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña		129	33	14	5
EOXI A Coruña	37	56	13		
EOXI Ferrol	20	25	8		
EOXI Santiago	37	48	12		
Lugo		73	12	5	3
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	65	73	12		
Ourense		99	9	5	3
EOXI Ourense-Verín-O Barco	92	99	9		
Pontevedra		93	18	14	3
Adscritos a Santiago	9	12	2		
EOXI Pontevedra-Salnés	27	36	9		
EOXI Vigo	26	45	8		
Total	314	394	72	38	14

(1) EOXI: Estrutura Organica de Xestión Integrada
[consulta: 19-01-2016]
Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

4.1.7.

tráfico, que se sitúa en noventa e unha, dezanove nenos que no ano anterior. Tras este descenso, o segundo máis acusado no conxunto do Estado en termos absolutos, o número total de persoas falecidas na Comunidade galega representa o 8,1% do total estatal, sendo a quinta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas, tras Andalucía, Cataluña, Castela e León e a Comunidade Valenciana.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.2.9.** *[Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2014-15: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no último ano un 9,2% para situarse nos 25.346 accidentes. En termos relativos, o índice de incidencia aumentou en Galicia dende os 3.080,38 accidentes por cada 100.000 traballadores de 2014 ata os 3.295,55 accidentes en 2015, un 7% superior.


Indicadores de centros sanitarios

Xunto aos indicadores da saúde da poboación, existen tamén indicadores do funcionamento do sistema sanitario. Entre os indicadores básicos do funcionamento do sistema sanitario, podemos destacar os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos, referidos a recursos materiais e humanos, como cualitativos, reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.7.**, Galicia conta con sete áreas de xestión integrada e 314 zonas básicas que se corresponden con cada un dos concellos.

No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria. Os centros de saúde son os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Galicia conta con 394 centros de saúde e 72 consultorios locais. En canto á atención especializada,

Camas nos hospitais galegos 2008-15 (1)



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior
Fonte: IGE

4.1.8.

que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 38 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Un dos niveis asistenciais máis complexos e que máis presión soportan é a atención de urxencias. Segundo os datos da enquisa nacional de saúde 2011-2012 (última dispoñible), en Galicia ao longo do ano 2012 utilizaron o servizo de urxencias 693.400 persoas, sendo a quinta Comunidade cun maior número de usuarios. En torno ao 71% do total de usuarios do servizo de urxencias en Galicia acudiron a un hospital da sanidade pública (Seguridade Social).

O número de camas instaladas nos hospitais galegos descende de xeito continuado ao longo dos últimos anos. O **gráfico 4.1.8.** reflicte que a 31 de decembro de 2014 (último dato dispoñible) existían un total de 9.638 camas instaladas, 289 menos que no ano anterior, o que representa 3,5 camas por cada mil habitantes. A provincia de A Coruña é a única que presentan unha rateo superior á media galega, con 3,6 camas por cada mil habitantes, fronte ás 3,4 de Lugo e Pontevedra.

PENDENTE DATOS DE RECURSOS HUMANOS NOS CENTROS SANITARIOS

cadros 4.1.9. e 4.1.10.

Un indicador que pode mostrar os posibles efectos das reformas sanitarias emprendidas nos últimos anos é a evolución das **listas de agarda**. No que atinxe á lista de agarda estrutural cirúrxica, **cadro 4.1.11.**, no ano 2015 rexístrase un aumento do número de doentes en lista de espera para ser operados, acadando as 33.054 persoas nos centros do Sergas, en torno a 1.200 persoas máis que no ano anterior; o 27% dos doentes teñen que agardar máis de tres meses para operarse.

Xunto ao incremento de persoas nas listas, nos hospitais do Sergas tamén se incrementa o tempo medio de espera, que pasa de 67,1 días no ano 2014 a 70,8 días no ano 2015.


4.1.9.

4.1.10.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2015

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera (en días)
Total centros Sergas	33.054	24.196	7.149	1.580	129	70,8
EOXI A Coruña	8.267	5.377	2.493	397	-	80,4
EOXI Santiago	6.821	4.860	1.719	212	30	71,6
EOXI Ferrol	1.454	1.390	64	-	-	38,9
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	3.915	3.405	510	-	-	47,9
EOXI Ourense-Verín-Barco	3.215	2.909	306	-	-	43,0
EOXI Pontevedra-Salnés	2.028	1.939	81	8	-	36,6
EOXI Vigo	7.354	4.316	1.976	963	99	99,2
Hospital Povisa	4.388	1.767	1.069	1.519	33	139,4

Tempo medio de espera 2008-15



(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles

(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.11.

Segundo os datos publicados polo Sergas, dos 33.054 doentes nesta lista estrutural cirúrxica, o 29,1% son da especialidade de traumatoloxía, sendo a súa espera media nos hospitais do Servizo Galego de Saúde de 89,4 días. Asemade, cómpre mencionar que o 23,7% e o 15,7% deses pacientes teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e xeral ou de dixestivo, respectivamente, situándose a súa espera media nos centros do Sergas en 64,3 días e 63,3 días.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera a 31 de decembro de 2015 situouse nos 18,9 días, sendo o obxectivo a acadar un máximo de 30 días. Do mesmo xeito, acádase o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 55,9 días.

Doazóns e transplantes

No ano 2015 España rexistra o maior aumento no número de doantes na historia da Organización Nacional de Transplantes, acadando 39,7 doantes por millón de poboación e 4.769 transplantes. Galicia no exercicio 2015 incrementa en termos absolutos o número de doantes pasando de 91 a 109, acadando 39,9 doantes por millón de

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2015: distribución segundo especialidade

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera
	total	0-3 meses	(en días)	total	0-3 meses	(en días)
Total especialidades	33.054	24.196	70,8	4.388	1.767	139,4
Traumatoloxía	9.610	6.169	89,4	1.423	477	160,1
Oftalmoloxía	7.845	5.955	64,3	1.054	384	138,1
Cirurxía xeral ou de dixestivo	5.193	4.087	63,3	701	291	143,4
Uroloxía	2.629	2.068	59,1	117	84	69,8
Otorrinolaringoloxía	2.017	1.516	63,7	166	67	133,7
Xinecoloxía	1.304	1.016	60,3	178	103	97,6
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.076	879	54,0	169	53	143,4
Cirurxía plástica e reparadora	994	711	68,0	214	119	104,1
Cirurxía pediátrica	754	544	76,8	-	-	
Neurocirurxía	500	340	80,1	66	29	103,8
Dermatoloxía	458	413	39,5	-	-	
Cirurxía cardíaca	320	224	68,5	-	-	
Cirurxía maxilofacial	241	171	66,2	300	160	122,9
Cirurxía torácica	110	100	39,2	-	-	
Cirurxía cardiaca infantil	3	3	15,0	-	-	

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.12.

Doazóns nas CC.AA. 2014-15

	2014		2015	
	(doantes)	(doantes/millón habs.)	(doantes)	(doantes/millón habs.)
Andalucía	315	37,5	323	38,5
Aragón	43	32,4	44	33,4
Asturias	51	48,0	45	42,8
Baleares	52	47,1	42	38
Canarias	71	33,7	87	41,4
Cantabria	31	52,7	43	73,5
Castela-A Mancha	65	31,3	74	35,9
Castela e León	121	48,5	105	42,5
Cataluña	218	29,0	256	34,1
C. Valenciana	175	35,0	206	41,4
Estremadura	38	34,6	50	45,7
Galicia	**91**	**33,1**	**109**	**39,9**
Madrid	238	36,9	226	35,1
Murcia	50	34,1	65	44,3
Navarra	29	45,3	35	54,6
País Vasco	75	34,3	116	53
A Rioxa	18	56,4	25	78,9
Ceuta e Melilla	1	11,8		
Total	1.682	36	1.851	40

Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

4.1.13.

Doazóns e transplantes nas CC.AA. 2015

	Doantes	Transplantes de órganos					
		Corazón	Intestinais	Fígado	Páncreas/Ril	Pulmón	Renal
Andalucía	323	41	-	208	24	35	453
Aragón	44	7	-	33	-	-	78
Asturias	45	12	-	22	-	-	52
Baleares	42	-	-	-	-	-	52
Canarias	87	-	-	33	7	-	123
Cantabria	43	21	-	27	6	48	55
Castela-A Mancha	74	-	-	-	-	-	90
Castela e León	105	10	-	45	7	-	111
Cataluña	256	66	-	161	22	58	647
C. Valenciana	206	27	-	143	5	35	281
Estremadura	50	-	-	30	-	-	53
Galicia	109	25	-	94	4	47	168
Madrid	226	73	12	201	20	71	450
Murcia	65	11	-	60	2	-	68
Navarra	35	6	-	24	-	-	49
País Vasco	116	-	-	81	-	-	159
A Rioxa	25	-	-	-	-	-	16
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-
Total	1.851	299	12	1.162	97	294	2.905

Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

4.1.14.

poboación, o que a sitúa no posto undécimo das dezasete Comunidades Autónomas.

No que respecta a actividade de transplantes por hospitais, o Centro H. Universitario de A Coruña (CHUAC) é o centro onde, no ano 2015, se realizaron un maior número de transplantes no conxunto de España, con 258 intervencións.

No CHUAC e no CHUS (Complexo hospitalario universitario de Santiago) materializáronse os 338 transplantes de 2015 en Galicia.

Dos ditos 338 transplantes de órganos realizados no ano 2015 en Galicia, a metade, 168 transplantes, foron de ril; 94, de fígado; 47, de pulmón; 25, de corazón; e 4, de páncreas. Comparando co resto das CC.AA., Galicia sitúase no quinto lugar en número de transplantes, tras Cataluña, Madrid, Andalucía e a C. Valencia.


Indicadores de gasto sanitario público

O gasto sanitario, en base ao orzamento inicial de gasto, continúa a súa tendencia descendente iniciada no ano 2010. Tras unha redución do 10,4% no último ano, a máis acusada de todas as CC.AA. sendo, xunto con Aragón (-0,3%) a única onde se reduce o gasto sanitario.

O dito gasto sanitario en Galicia situouse nos 2.959,8 millóns de euros. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.083,27 euros, o que o sitúa como o segundo máis reducido do conxunto das Comunidades Autónomas. A pesar da caída na poboación, a maior intensidade na redución do gasto sanitario fai caer en máis de 118 euros o gasto por habitante (**cadro 4.1.15.**).

No que respecta ao gasto farmacéutico, Galicia, foi a única Comunidade Autónoma que no ano 2015 rexistrou un descenso do importe das facturas de receitas prescritas. Tras un descenso do 1%, o gasto farmacéutico en Galicia situouse nos 674,4 millóns de euros (o 7,1% do total estatal), e a coloca como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cata-

Gasto sanitario por habitante en Galicia e España 2008-15



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.1.15.

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2015

	Gasto farmacéutico			Receitas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	(en millóns de euros)	15/14 *(%)*	15/11 (1) *(%)*		15/14 *(%)*	15/11 (1) *(%)*	*(en euros)*	15/14 *(%)*
Andalucía	1.652,6	1,0	-9,4	166.561.292	1,8	-6,9	9,92	- 0,45
Aragón	297,1	1,9	-15,2	27.073.256	2,4	-8,0	10,97	0,10
Asturias	257,5	1,8	-18,8	21.512.658	-2,0	-15,0	11,97	4,86
Baleares	182,7	1,9	-10,7	16.942.063	2,9	-6,5	10,78	0,68
Cantabria	131,1	6,1	-7,3	10.847.464	1,7	-6,8	12,08	3,76
Castela-A Mancha	455,2	0,9	-15,6	42.357.295	0,9	-8,0	10,75	- 0,38
Castela e León	552,5	2,1	-16,8	49.516.942	1,7	-8,0	11,16	0,75
Cataluña	1.357,1	1,0	-19,3	135.270.901	1,8	-12,4	10,03	0,20
Canarias	433,5	2,5	-11,1	40.845.186	3,5	-2,1	10,61	0,13
C. Valenciana	1.133,0	2,6	-19,5	98.595.128	0,6	-13,6	11,49	0,05
Estremadura	301,8	2,4	-8,4	26.148.291	3,1	-3,4	11,54	0,27
Galicia	674,4	-1,0	-18,7	60.855.163,0	-0,1	-8,7	11,08	- 2,48
Madrid	1.099,0	3,9	-7,3	100.915.837	1,9	-8,3	10,89	1,91
Murcia	321,5	1,6	-16,6	28.752.647	1,4	-8,5	11,18	- 0,72
Navarra	129,2	4,4	-12,9	11.532.655	3,5	-6,2	11,20	2,04
País Vasco	461,8	2,7	-13,6	36.220.110	-9,1	-16,8	12,75	0,99
A Rioxa	68,5	5,2	-13,6	6.027.301	1,8	-5,3	11,37	1,46
Ceuta	13,7	5,1	-4,9	1.119.739	1,8	-8,8	12,23	4,20
Melilla	12,5	7,2	3,4	946.998	-0,8	-9,8	13,21	3,99
Total	9.534,5	1,9	-14,4	882.040.926	1,1	-9,4	10,81	0,31

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmaceútica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Facturación de recetas médicas*

4.1.16.

luña, Comunidade Valenciana e Madrid. Dende a reforma do modelo de prestación farmacéutica en 2011, o gasto farmacéutico descendeu case un 19% en Galicia, 4,3 puntos porcentuais por riba do experimentado no conxunto do Estado.

Tendo en conta que o volume de receitas facturadas en Galicia descende lixeiramente en 2015, o gasto medio por receita reduciuse un 2,5% en relación ao ano anterior. Como indica o **cadro 4.116.**, o gasto medio por receita en Galicia foi de 11,08 euros, fronte aos 10,81 euros do conxunto do Estado. ❏